

Titulación LICENCIADO-A EN FILOLOXÍA INGLESA

Coordinadoras Teresa López Fernández
Mercedes Regueiro Diehl

Nº de profesorado que participou como titor

6

Ratio alumnado/profesorado titor

7,3

Procedemento de distribución do alumnado entre o profesorado

- As coordinadoras do P.A.T.T. son as responsables de asignar o profesorado de tutela ao alumnado.
- O profesorado de tutela ten que impartir docencia de alomenos unha materia troncal de 1º ano ao seu estudiantado de tutela.
- O profesorado titor non debe ter máis de 10 estudantes de tutela.
- Tendo en conta o anteriormente exposto, a asignación de alumnado de tutela é aleatoria.

Nº de alumnado

Matriculado de novo ingreso: 44

Participantes no P.A.T.T.: 44

Nº de reunións de coordinación

3 (a data de elaboración desta memoria)

Profesorado titor participante

David Clark Mitchell
Manuel Fernández Ferreiro
Luis González García
Blanca Iglesias Aramburu
Emma Lezcano González
Mercedes Regueiro Diehl

Titulación LICENCIADO-A EN FILOLOXÍA HISPÁNICA

Coordinadoras Teresa López Fernández
Mercedes Regueiro Diehl

Nº de profesorado que participou como titor

4

Ratio alumnado/profesorado titor

2,7

Procedemento de distribución do alumnado entre o profesorado

- As coordinadoras do P.A.T.T. son as responsables de asignar o profesorado de tutela ao alumnado.
- O profesorado de tutela ten que impartir docencia de alomenos unha materia troncal de 1º ano ao seu estudiantado de tutela.
- O profesorado titor non debe ter máis de 10 estudantes de tutela.
- Tendo en conta o anteriormente exposto, a asignación de alumnado de tutela é aleatoria.

Nº de alumnado

Matriculado de novo ingreso: 11

Participantes no P.A.T.T.: 11

Nº de reunións de coordinación

3 (a data de elaboración desta memoria)

Profesorado titor participante

Mª José Caamaño Rojo

Félix Córdoba Rodríguez

Cristina Fernández Bernárdez

Nieves Pena Sueiro

Titulación LICENCIADO-A EN FILOLOXÍA GALEGA

Coordinadoras Teresa López Fernández
Mercedes Regueiro Diehl

Nº de profesorado que participou como titor

3

Ratio alumnado/profesorado titor

5,3

Procedemento de distribución do alumnado entre o profesorado

- As coordinadoras do P.A.T.T. son as responsables de asignar o profesorado de tutela ao alumnado.
- O profesorado de tutela ten que impartir docencia de alomenos unha materia troncal de 1º ano ao seu estudiantado de tutela.
- O profesorado titor non debe ter máis de 10 estudantes de tutela.
- Tendo en conta o anteriormente exposto, a asignación de alumnado de tutela é aleatoria.

Nº de alumnado

Matriculado de novo ingreso: 16

Participantes no P.A.T.T.: 16

Nº de reunións de coordinación

3 (a data de elaboración desta memoria)

Profesorado titor participante

Celso Álvarez Cáccamo

Carme Fernández-Pérez San Julián

Teresa López Fernández

Titulación MÁSTER EN LINGUA E USOS PROFESIONAIS: ESPAÑOL/GALEGO/INGLÉS

Coordinadoras Teresa López Fernández
Mercedes Regueiro Diehl

Nº de profesorado que participou como titor 7

Ratio alumnado/profesorado titor 3,5

Procedemento de distribución do alumnado entre o profesorado

- As coordinadoras do P.A.T.T. son as responsables de asignar o profesorado de tutela ao alumnado.
- O profesorado de tutela ten que impartir docencia de alomenos unha materia da especialidade (español, galego ou inglés) escollida polo estudante.
- O profesorado titor non debe ter máis de 10 estudantes de tutela.
- Tendo en conta o anteriormente exposto, a asignación de alumnado de tutela é aleatoria.

Nº de alumnado Matriculado de novo ingreso: 25 | Participantes no P.A.T.T.: 25

Nº de reunións de coordinación 3 (a data de elaboración desta memoria)

Profesorado titor participante
ESPECIALIDADE ESPAÑOL
Esperanza Acín Villa
Sagrario López Poza
Olivia Rodríguez González
ESPECIALIDADE GALEGO
Carme Fernández-Pérez San Julián
Xosé Ramón Freixeiro Mato
Xosé Manuel Sánchez Rei
ESPECIALIDADE INGLÉS
M ^a Jesús Cabarcos Traseira
M ^a Jesús Lorenzo Modia
A profesora Ingrid Mosquera Gende causou baixa no P.A.T.T. no mes de xaneiro ao cesar a súa relación contractual coa UDC. O seu alumnado de tutela foi reasignado ás outras profesoras titoras da especialidade de inglés.

Tempo investido na coordinación do P.A.T.T.

40-50 horas

Actividades de formación ás que asistiron as coordinadoras (entrevista, sesión informativa sobre o P.A.T.T.) e actividades de autoformación realizadas

· Sesión informativa sobre o P.A.T.T. a cargo da prof^a. Neves Arza, o martes 25 de setembro de 2007 no Salón de graos da Facultade de Filoloxía.

DESCRIPCIÓN TEMPORIZADA E DETALLADA DAS REUNIÓN DE COORDINACIÓN E DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO MARCO DO P.A.T.T. DA FACULTADE DE FILOLOXÍA

COORDINACIÓN

1. Implantación do P.A.T.T.

- O 2 de xullo de 2007 a decana comunica en Xunta de Facultade a intención de pór en marcha un Plano de acción tutorial para o estudiantado de 1º curso das licenciaturas e máis do máster. O P.A.T.T. deseñárase segundo as indicacións establecidas pola Vicerreitoría de Calidade, que se farán públicas na III Convocatoria de contratos-programa. Pide a colaboración do profesorado.
- O 9 de xullo de 2007 a decana volve a solicitar a todo o profesorado de 1º curso das licenciaturas e ao do máster a súa colaboración no P.A.T.T. como profesorado tutor. Recíbense 22 solicitudes de profesorado de tutela.
- O 27 de xullo se remite á Vicerreitoría de Calidade a solicitude de participación da Facultade de Filoloxía na III Convocatoria de contratos-programa, que inclúe unha pequena memoria de deseño de experiencia piloto de Plano de acción tutorial no centro. Como o P.A.T.T. abarca 4 titulacións e 22 titores, decídese destinar ao P.A.T.T. 2 coordinadoras, a Decana e coordinadora do máster, Teresa López, e a PRCC da facultade, Mercedes Regueiro.
- A primeira fase do PAT consistiu na elaboración das listaxes de estudantes de novo ingreso para asignarlles o profesorado de tutela, para o cal as responsables do P.A.T.T. contaron coa colaboración do persoal do Negociado de estudantes da facultade, que diariamente facilitaba unha listaxe de estudantes matriculados.
- O 25 de setembro a profesora Neves Arza levou a cabo unha xornada informativa sobre o P.A.T.T. dirixida ao profesorado tutor da Facultade de Filoloxía.
- A coordinación do P.A.T.T. informou ao profesorado tutor do centro sobre o curso formativo organizado polo CUFIE no mes de outubro de 2007 sobre "A entrevista no P.A.T.T. ", no que participaron 12 profesores-as da facultade, segundo datos facilitados polo CUFIE.
- Decidiuse agardar o remate dos preceptivos prazos de matrícula antes de empezar coas accións propiamente ditas do Plano de acción tutorial. Sempre en coordinación co Negociado de estudantes, actualizábanse as listas de novos matriculados aos que se lles asignaba o correspondente tutor, sendo este quen se poñía en contacto con aqueles.
- O profesorado tutor atenderá ao seu alumnado de tutela individualmente ou en grupo dentro do seu horario habitual de tutorías (as tradicionais "tutorías de materia"), mais sendo flexible para que o alumnado poida asistir e participar no P.A.T.T. sen interferir nas súas actividades académicas.

COORDINACIÓN

2. Reunións co profesorado tutor

- O 25 de outubro, co periodo de matrícula practicamente rematado, tivo lugar a primeira reunión con todo o profesorado de tutela. Neste encontro:
 1. Comprobáronse as listaxes actualizadas de alumnado coa asignación de profesorado tutor.
 2. Analizouse o material a utilizar, elaborado a partir do que fora facilitado polo CUFIE (ficha/cuestionario para análise e perfil do alumnado de tutela e ficha rexistro de entrevistas individuais e/ou colectivas).
 3. Estableceuse unha clave para que o profesorado identificara nos seus informes o seu alumnado de tutela garantindo a confidencialidade dos seus datos.
 4. Fixouse un cronograma de actuacións:
 - 4.1. Convocar ao grupo de tutela para unha primeira reunión grupal de coñecemento e presentación. Nesa primeira reunión o profesorado lembraría os principios xerais do P.A.T.T., principalmente a aqueles-as estudantes que non puideran participar na xornada de acollida por non estaren aínda matriculados-as (a quen se lles proporcionaría o material entregado na xornada de acollida). Tamén nesa reunión revisaríase e poríase en común a ficha/cuestionario para a análise e perfil do alumnado, para comprobar a claridade da información que se lle pide ao alumnado.
 - 4.2. Remitir a ficha en formato electrónico a cada estudante, xunto coa súa clave de identificación e unha data para que a devolvan cuberta.
 - 4.3. Cada tutor analizará o perfil de cada estudante de tutela e o convocará a unha reunión individual para matizar as súas respostas, solicitar aclaracións...
 - 4.4. Establecer como límite a data de 15 de novembro para ter rematado este proceso. Nese momento cada profesor poderá ter unha visión de conxunto das características do seu grupo de tutela, para pór en común co resto de titores na seguinte reunión.
- O 30 de xaneiro tivo lugar unha nova reunión de profesorado participante no P.A.T.T. na que se analizaron e valoraron as principais necesidades do alumnado de tutela, en función das súas respostas aos cuestionarios e das entrevistas realizadas.
 1. Decídese comunicar a todo o profesorado que imparte materias de 1º curso das licenciaturas o nome do tutor que ten asignado cada estudante por se desexa facer algún tipo de consulta relacionada coa traxectoria académica o a problemática do noso alumnado de tutela (esta listaxe foi remitida por correo electrónico o 1 de febreiro).
 2. Decídese realizar en canto sexa posíbel unha nova reunión individual ou grupal (a decisión do tutor) co alumnado de tutela, para facer balance do 1º cuatrimestre e ver como encaran o 2º.

3. Dado que as necesidades e as problemáticas do alumnado do máster son radicalmente diferentes das do estudiantado de 1º curso das licenciaturas, decidese facer independentes as reunións de coordinación co profesorado titor.

• O 30 de abril de 2008 tivo lugar a 3ª reunión de coordinación, esta vez, segundo os acordos tomados no encontro anterior, diferenciada para o máster e para as licenciaturas. Os principais acordos tomados foron:

1. Convocar ao alumnado á 3ª e última reunión (individual ou grupal) a petición do profesorado antes do remate do período lectivo (máster e licenciaturas).
2. O profesorado titor do máster realizará tamén as funcións de titor das prácticas obrigatorias.
3. Reiterar ao alumnado de tutela a disponibilidad do profesorado tutor para calquera información ou consulta.
4. Reflexionar sobre posibles accións a levar a cabo no P.A.T.T. do curso próximo.

• A data de elaboración desta memoria, está pendente unha nova reunión de coordinación, que terá lugar na segunda quincena de xullo ou no mes de setembro, para elaborar un informe individual de avaliación do P.A.T.T. por parte do profesorado e do alumnado e para facer unha posta en común da experiencia de cara ao P.A.T.T. do ano académico 2008-2009.

COORDINACIÓN

3. Necesidades e problemáticas manifestadas polo profesorado titor relacionadas co desenvolvemento do P.A.T.T.

- O estudiantado parece non rexeitar explicitamente o P.A.T.T. nin o profesorado titor, mais parece non ter necesidade de axuda, consello ou información. Os estudantes parecen non detectar as súas necesidades ou carencias formativas e informativas, mais o profesorado si é moi consciente delas.
- Se os estudantes non perciben a necesidade da titorización, onde están os límites das funcións do profesorado titor? Coincidiuse no feito de que cada profesor-a titor-a ten que establecer un límite razoable no que deixar de solicitar a colaboración/participación do alumnado.
- As problemáticas e as necesidades do alumnado do máster son radicalmente diferentes das do estudiantado de 1º curso.

ACTIVIDADES REALIZADAS NO MARCO DO P.A.T.T.

As accións de carácter colectivo contempladas no P.A.T.T. realizáronse fóra do horario lectivo, na franxa horaria que a facultade ten prevista sen actividade docente para todos os grupos para poder desenvolver outros actos complementarios (mércores de 12.30 a 14.30).

• **Xornada de acollida para os estudantes de 1º curso das licenciaturas**, celebrada o 26 de setembro, uns días antes do inicio oficial do curso 2007-2008. É esta una actividade que se celebra desde hai varios anos no centro, e que corre a cargo do equipo decanal, que fai ao alumnado unha presentación do centro, das súas titulacións e dous seus servizos e unha breve visita guiada polas instalacións máis relevantes do centro (biblioteca, aulas informatizadas...). Este ano presentouse e explicouse o Plano piloto de acción tutorial. Entre a documentación entregada nesta xornada (horarios, datos de contacto do profesorado, guía de servizos) o estudiantado contaba coa listaxe do profesorado titor asignado.

Nesta xornada de acollida participou tamén un membro do SAPE, que presentou este servizo da universidade ao estudiantado.

• **Xornada de acollida para o alumnado do máster**, celebrada a día de 27 de setembro, basicamente co mesmo esquema que a xornada de acollida para o estudiantado das licenciaturas.

• **Xornada de acollida para o alumnado de mobilidade**, celebrada o día 3 de outubro, e dirixida ao alumnado que recibe a facultade, basicamente no marco do programa Erasmus. O P.A.T.T. da Facultade de Filoloxía non prevé a signación de profesorado titor para este alumnado, que xa conta no centro co seu correspondente coordinador Erasmus.

• **Xornada de formación nos servizos e recursos da biblioteca** da facultade, celebrada o 25 de outubro de 2007, e de asistencia obrigatoria para o estudiantado de novo ingreso. Unha xornada similar se repite noutras datas para o resto do alumnado da facultade, que asiste a ela de forma voluntaria.

• No mes de novembro o profesorado titor proporcionou ao alumnado **información sobre os cursos organizados polo CUFIE no marco do Plano de Apoio á Aprendizaxe**. Segundo os datos solicitados ao CUFIE pola coordinación do P.A.T.T. da facultade, a data de 21 de maio 42 estudantes de 1º curso da Facultade de Filoloxía solicitaron preinscrición nalgún dos cursos do PAA, dos que 8 asistiron a algún deles.

• O 23 de xaneiro de 2008 a facultade organizou unha **charla informativa sobre os programas de mobilidade**

Erasmus.

- **Xornadas de orientación laboral**, dirixidas a estudantes do último ano das licenciaturas, que tiveron lugar o día 30 de abril de 2008 (“Filólogos emprendedores”) e o 7 de maio de 2008 (“Outras saídas profesionais: traballar no estranxeiro”).
- Ao remate do 1º e do 2º cuatrimestre, o profesorado titor informou ao seu alumnado de tutela sobre o **proceso institucional de avaliación docente** e a importancia e as vantaxes individuais e colectivas de participar nel.

AVALIACIÓN
Fortalezas
<ul style="list-style-type: none"> • Ratio adecuada entre o número de estudantes e o profesorado de tutela. • Colaboración do persoal do Negociado de estudantes para elaborar as listas de matriculados de novo ingreso. • O P.A.T.T. da facultade atinxe o 100% do estudantado de novo ingreso das licenciaturas e do máster. • Experiencia pola celebración en anos anteriores de moitas das accións levadas a cabo dentro do P.A.T.T. (xornadas de acollida, de orientación laboral...). • Ningún estudante rexeitou explicitamente o P.A.T.T.
Debilidades
<ul style="list-style-type: none"> • No máster, límite difuso entre as funcións de coordinación do P.A.T.T. e de coordinación da titulación. • Escasez ou ausencia de actividades (xornadas, cursos...) sobre temáticas de interese para o alumnado.
Necesidades de apoio
<ul style="list-style-type: none"> • Maior apoio institucional aos centros que implantaron o P.A.T.T., principalmente unha persoa ou servizo de referencia a quen poder consultar dúbidas, solicitar información... • Necesidade de dispor con tempo suficiente de materiais de apoio á coordinación e aos participantes no P.A.T.T. • Para optimizar os recursos e servizos de que dispón a UDC, detéctase a necesidade de coordinación entre o CUFIE e outros servizos da UDC e os centros que teñen implantado o P.A.T.T., para organizar e ofertar actividades formativas e informativas verdadeiramente axeitadas ás necesidades e ás carencias do alumnado que se detectan e/ou se fan explícitas a través do P.A.T.T.
Valoración global (satisfacción e resultados obtidos)
<ul style="list-style-type: none"> • A valoración global, sen ser definitiva polos motivos mencionados con anterioridade, é positiva.
Propostas de mellora
<p>1. A nivel institucional</p> <ul style="list-style-type: none"> • Suxírese que esa Vicerreitoría convoque o P.A.T.T. con maior antelación. Entendemos que a convocatoria para o curso 2007-2008 se levou a cabo nunha data inadecuada (2ª quincena de xullo). • O PATT debe estenderse durante todo o curso académico, isto é, ata finais do mes de setembro, pois entendemos que ata ese momento se debe ofrecer o servizo de tutorización ao alumnado. En consecuencia, a avaliación e a memoria final do P.A.T.T. debería realizarse unha vez rematado o curso. • Inconveniencia de subvencionar o P.A.T.T. a través da partida orzamentaria de bolsas e axudas. • Realizar accións de información e/ou de orientación para poder estender o P.A.T.T. a outros cursos. • Incluír no material de apoio un cuestionario de avaliación do P.A.T.T. para o alumnado. <p>2. A nivel da facultade</p> <ul style="list-style-type: none"> • Modificar e axilizar a estrutura e os contidos da xornada de acollida para o alumnado de 1º ano das licenciaturas. • Reelaborar a estrutura e os contidos da guía da facultade que se proporciona ao alumnado de novo ingreso, en función dos contidos da guía do estudantado da UDC. • Anunciar ao alumnado a data de realización das xornadas de acollida no momento de formalización da matrícula. • Redefinir as funcións do profesorado titor do máster. • Potenciar o P.A.T.T. da facultade na páxina web do centro. • Incluír a mención ao P.A.T.T. en todas as actividades organizadas no marco dese na facultade.

PRESENTACIÓN

Consonte ao disposto no apartado a.1 da *III Convocatoria de Contratos-Programa (para facultades e escolas) para o deseño estratéxico e a innovación na UDC*, a Facultade de Filoloxía presenta a esa Vicerreitoría a memoria temporizada e detallada do traballo que se realizou na Facultade de Filoloxía no marco da *I Convocatoria de contratos-programa para o deseño e a implantación do P.A.T.T.*

Nesta memoria, que foi elaborada a partir da guía facilitada desde o CUFIE, preséntanse para a súa análise e valoración as actuacións levadas a cabo no marco do P.A.T.T. desta facultade.

Como se recolle na memoria presentada para participar na mencionada convocatoria, os obxectivos e as accións contempladas son en grande parte comúns para as catro titulacións que se imparten no centro no curso 2007-2008: as licenciaturas en Filoloxía Galega, Filoloxía Hispánica e Filoloxía Inglesa e o máster oficial en Lingua e usos profesionais: español/galego/inglés.

Por este motivo, na memoria se presentan en primeiro lugar 4 fichas de datos do P.A.T.T., individualizadas para cada titulación, seguidas de 3 apartados comúns para todas as titulacións:

- Tempo invertido na coordinación do P.A.T.T. e actividades de formación realizadas polas coordinadoras.
- Unha descrición temporizada e detallada das reunións de coordinación e das actividades realizadas no marco do P.A.T.T.
- Avaliación do P.A.T.T.

Finalmente, se presentan unha serie de documentos que pretenden servir de evidencias de boa parte das accións levadas a cabo.

As coordinadoras do P.A.T.T. da Facultade de Filoloxía desexan suliñar que, a data de elaboración desta memoria conforme aos prazos fixados por esa Vicerreitoría, o centro considera o P.A.T.T. do curso 2007-2008 en vigor ata finais do mes de setembro, e o profesorado titor seguirá atendendo o seu alumnado de tutela ata o remate do ano académico nas cuestións que este lle poida plantexar (previsiblemente selección de materias optativas e de libre configuración, convocatorias...). Séguese tamén a traballar no deseño do plano de acción titorial do próximo curso a partir da experiencia e das valoracións definitivas dos participantes no plano actual.

**AVALIACIÓN PAT FACULTADE DE FILOLOXÍA
CURSO 2008-2009**

**DOCUMENTO PARA OS/AS COORDINADORES/AS DO CENTRO:
MEMORIA FINAL DO PAT NA TITULACIÓN**

Obxectivo: Avaliar a experiencia conxuntamente entre o/a coordinador/a e titores implicados na titulación

Titulación:	Filoloxía galega Filoloxía hispánica Filoloxía inglesa Máster Oficial en Lingua e Usos Profesionais: español, galego, inglés
Día da reunión	25/06/09
Número de asistentes	
Motivo: Intercambiar experiencias entre todo o profesorado do centro implicado na experiencia	
TEMÁTICA DA REUNIÓN	
Impresións ou percepcións dos titores e as titoras. Valoración global da experiencia. Se fose o caso, valorar as diferenzas entre a acción tutorial realizada nos primeiros cursos, con outros iniciados no PAT en convocatorias anteriores	
<p>Tendo en conta que nas fichas de avaliación dos titores e dos estudantes non se incluía ningunha pregunta sobre a valoración xeral do PAT cunha valoración cuantificada, resulta difícil, como coordinadoras do centro, facer a partir disto –na facultade non tivemos unha reunión final cos titores por considerar que os prazos eran moi axustados– unha valoración global do mesmo. Malia isto, e deducindo doutras preguntas do cuestionario e tamén doutras reunións mantidas cos titores ao longo do curso, podemos afirmar que, en xeral, e salvando algúns casos, a valoración do Plan de Acción Tutorial por parte dos titores é positiva no que atinxe á súa funcionalidade, pois consideran, entre os seus puntos fortes, que:</p> <ul style="list-style-type: none">- é positivo que os estudantes teñan un profesor de referencia ao longo dos seus estudos- é unha iniciativa necesaria, sobre todo como paso previo á implantación dos novos graos- permítelles reflexionar sobre a súa propia labor docente- axuda á integración do alumnado- facilita un contacto personalizado cos estudantes <p>Porén, moitos dos titores e titoras manifestan a súa sensación de frustración, xa que, logo de poñer eles todo o seu interese por contactar cos seus alumnos titorizados e fixar as entrevistas nuns horarios compatibles cos dos alumnos, comprobamos que a maioría dos que asisten, que non son todos, fano como unha obriga e non por sentiren a necesidade de seren titorizados. Isto manifesta, por tanto, un desinterese dos estudantes polo PAT, no que os que participan de modo activo parecen facelo máis porque o senten coma unha obriga que como unha necesidade ou un servizo que lles ofrece o centro.</p> <p>Asimesmo, nas fichas de avaliación dos titores atopamos outros problemas, menos significativos a lo menos cuantitativamente, pero sobre os que habería tamén que reflexionar:</p> <ul style="list-style-type: none">- un dos titores manifesta que o feito de non impartir clase aos titorandos dificulta o contacto directo cos mesmos; mentres que outro suñía que o feito de ser profesor do alumnado titorizado fai que, cando os resultados da materia non son positivos, os estudantes mostren máis	

reticencias á hora de facer uso das titorías. Asimesmo, algún outro reivindica un maior recoñecemento do labor do titor.

- canto á falta de formación do profesorado titor, aínda que a maioría manifestan sentirse con formación suficiente para realizar as tarefas de titorización, algúns consideran que necesitarían maior formación en estratexias de motivación, saídas laborais e técnicas de estudo.

Non observamos grandes diferenzas entre o profesorado titor de estudantes de 1º con respecto aos de 2º. A tónica xeral que podemos deducir da ficha de avaliación –que consideramos debería ser máis completa– é a perda de alumnado titorizado de 1º a 2º curso: algúns porque abandonan os estudos, outros por causas descoñecidas, pero adoita perderse alumnado titorizado que xeralmente non indica expresamente os motivos do abandono do PAT. Algún titor de alumnos con experiencia no PAT manifesta a necesidade de que se aclaren máis as tarefas do profesorado titor con este tipo de alumnos, así como que se lle proporcione material informativo para darlles (trípticos sobre os servizos da UDC, saídas profesionais, técnicas de estudo, EESS...).

No que atinxe aos estudantes, chama a atención a disparidade entre as súas impresións e as que perciben os titores e titoras. En xeral, todos valoran positivamente o PAT, sobre todo porque lles permite ter unha persoa de referencia á que acudir en caso de teren problemas académicos ou doutra índole, e apenas perciben que teña puntos débiles, ou polo menos non os indican.

Resolución de problemas:

Proposta de mellora do PAT no centro

Os titores detectan unha falta de interese en xeral por parte do alumnado, que semella asistir ás entrevistas por obrigação máis ca por sentiren a necesidade das titorías. Quizais habería que repensar o modelo de PAT que temos establecido no centro, con tres entrevistas pautadas ao longo do curso, e darlle máis liberdade ao alumno para que faga uso das titorías cando o considere oportuno. Isto evitaría esa sensación de obrigatoriedade que perciben os titores e tamén a frustración cando os estudantes non asisten. Mais, desencadenaría isto unha falta absoluta de participación por parte do estudantado?

O labor de titorización do mestrado atópase con problemas ben distintos aos das licenciaturas. Trátase de alumnos xa licenciados, en moitos casos de persoas maiores, que coñecen ben o funcionamento do sistema universitario ou que saben atopar sen dificultades as vías de información. Ademais, os titores decátanse de que ás veces o labor de coordinación do máster se solapa coas súas propias funcións como titores, o cal nos conduce a reflexionar acerca da pertinencia do labor titorial no mestrado ou, cando menos, a que dende a coordinación do PAT na universidade se establezan directrices específicas para a titorización neste tipo de estudos.

Proposta de mellora do PAT na Universidade

A actividade titorial –e polo tanto, a entrega das memorias– debería prolongarse ata setembro no caso das licenciaturas e ata xullo no dos graos.

É necesaria a elaboración dun PAT específico para os mestrados.

Bótase en falta unha certa coherencia entre as fichas enviadas ao profesorado titor e as que ten que elaborar logo a coordinación do centro: unhas deben derivar das outras, de maneira que se na memoria da coordinación temos que valorar globalmente a experiencia, nas fichas de avaliación dos titores debería incluírse unha pregunta que responda a isto –preferiblemente de maneira cuantitativa– e así con todo o demais. Se non, moitas das preguntas da enquisa a profesorado e estudantado quedarían simplemente almacenadas e outras que se nos requiren a nós non se lles preguntan a eles. O labor do coordinador, entendo, ten que ser a de extraer conclusións das impresións individuais dos titores e dos estudantes, que terán que ser extraídas das correspondentes fichas de avaliación previas.

Revisión das fichas elaboradas este ano:

- Experiencia no PAT: é pregunta que debe formularse mellor, xa que da lugar a diferentes interpretacións; pode ser entendida como ‘¿cantos cursos leva o profesor sendo titor?’ ou como ‘¿a experiencia no PAT é positiva ou negativa?’.
- Adoita ser difícil para os titores diferenciar entre o material e as tarefas desenvolvidas pola coordinación do centro e pola coordinación da Universidade, xa que o centro é o canalizador das tarefas realizadas pola coordinación da Universidade, pero non sempre se amosan como diferenciadas plenamente.
- No apartado de obxectivos da titoría moitos dos titores respostan “non sabe/non contesta” porque, en realidade, parecen máis ben cuestións que deberían responder os alumnos e non os titores.
- A categoría como profesor é un factor que debe ser tido en consideración? Se é así, por que só para os titores de estudantes de 1º?
- Na ficha de avaliación non hai un apartado de valoración xeral cuantificado, que pensamos que é fundamental neste tipo de enquisas.
- Por que non se lles pregunta aos titores de estudantes con experiencia no PAT se están dispostos a continuar coa experiencia o próximo curso?
- Na memoria do PAT por parte do coordinador do centro non hai lugar para ter en conta as fichas cubertas polos estudantes.
- As fichas dos estudantes son anónimas: se un estudante manifesta que non quere formar parte do PAT no seguinte curso, como sabemos de quen se trata para non incluílo no PAT do ano seguinte?

Compromiso de continuar a titulación no PAT

A facultade de Filoloxía manifesta o seu compromiso de continuar no PAT o próximo curso.

**AVALIACIÓN DO PLANO DE ACCIÓN TITORIAL
DA FACULTADE DE FILOLOXÍA
CURSO 2009-2010**

1. ORIXE DO PROXECTO

A Facultade de Filoloxía, para cumprir cun dos obxectivos propostos na *III Convocatoria de Contratos Programa para o Deseño Estratéxico e a Innovación na UDC*, comezou coa implantación dun proxecto piloto de Plan de Acción Titorial no que participaron os alumnos de primeiro das tres titulacións que se impartían no centro no curso 2007-2008: licenciatura en filoloxía galega, licenciatura en filoloxía hispánica e licenciatura en filoloxía inglesa; e tamén o alumnado do *Mestrado Oficial en Lingua e Usos Profesionais*. As coordinadoras deste PAT do centro foron a Decana, Teresa López, e a PRCC, Mercedes Regueiro Diehl, que optaron por propoñerlle ao profesorado que impartía aulas en primeiro se querían participar nesta experiencia encamiñada fundamentalmente á adaptación ao novo marco do Espazo Europeo de Educación Superior.

Unha vez acadado un número de titores suficiente, e rematado o prazo de matrícula, as coordinadoras asignáronlle aleatoriamente a cada titor un número semellante de alumnos aos que acompañarían ao longo da súa traxectoria académica, de xeito que o próximo curso 2010-2011 licenciarase a primeira promoción de estudantes acollidos dende a súa chegada á UDC baixo o Plan de Acción Titorial.

Nos cursos seguintes (2008-2009 e 2009-2010), o Plan de Acción Titorial implementouse progresivamente, acollendo aos alumnos de novo ingreso de cada ano e aos dos novos mestrados, de xeito que neste curso que remata temos titorizados aos alumnos de 1º a 3º das tres titulacións de grao e licenciatura e aos dos dous mestrados que actualmente se imparten no centro.

- Fortalezas:
 - Disposición do profesorado para participar na experiencia de xeito voluntario

- Debilidades:
 - Ausencia de reflexión sobre os obxectivos que se perseguían coa implantación do Plano de Acción Titorial máis alá do financiamento extraordinario a través do Contrato-Programa
 - Certo escepticismo entre o profesorado, non tanto en canto á necesidade e/ou utilidade do PAT, senón en canto ao seu funcionamento e aos resultados obtidos. En boa medida, este escepticismo xorde das reticencias que mostra un importante sector do alumnado a ser titorizado e, en menor medida, ás motivacións últimas que levan a algúns profesores a participar no programa (acreditacións, programa docencia...)
 - Aínda que dende o comezo do proxecto houbo por parte da institución un relativo grao de implicación reflectido no feito de crear a figura da coordinadora do Plano de Acción Titorial das Titulacións, o feito de que

dende a súa creación cada curso, por circunstancias diversas, se fose cambiando a persoa que asumía este posto non axudou a fraguar e consolidar un proxecto xeral de titorización na UDC.

- Ausencia de información centralizada pola institución á que poida ter acceso o titor, sobre todo no relacionado co perfil do estudiantado por centros e/ou titulacións.

2. DESEÑO E EXECUCIÓN DO PAT

O deseño do PAT da Facultade de Filoloxía do curso 2009-2010 viuse afectado por diversas circunstancias que marcaron a súa elaboración, xa que no momento en que se publicou a *V Convocatoria de Contratos-Programa* (25 de setembro de 2009), na que se contemplaba a posta en marcha do PAT nos centros, non había ningunha figura de coordinación do PAT na UDC, xa que a persoa que asumira ata entón este cargo notificara a súa dimisión aos coordinadores dos centros o día 9 de setembro e a primeira reunión coa nova coordinadora tivo lugar o día 27 de outubro, xa pechado o prazo de presentación das solicitudes dos Contratos-Programa.

Ante esta situación, cada centro viuse na obriga de deseñar o seu propio Plan de Acción Titorial sen ningún tipo de supervisión institucional, agás o material elaborado pola anterior coordinadora e albergado na páxina web do CUFIE. Ante esta situación, as coordinadoras do PAT da Facultade de Filoloxía (a Decana, Teresa López, e a PRCC, M^a José Caamaño Rojo), optaron por deseñar un modelo continuista no que se aplicaron os procedementos que durante os anos anteriores se mostraran máis efectivos, intentando sobre todo eliminar na medida do posible os aspectos máis burocráticos da titorización (multiplicación de reunións, informes, fichas, enquisas, avaliacións...).

O destinatario do PAT do curso 2009-2010 foi o alumnado de novo ingreso de 1^o curso dos novos títulos de grao, o alumnado de 2^o e 3^o curso das titulacións en proceso de extinción, e todo o alumnado dos dous mestrados que se imparten no centro (*Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais e Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións*).

Para o alumnado das licenciaturas mantívose a mesma asignación de titores de anos anteriores co obxectivo de afianzar o clima de confianza xerado dende o comezo da súa participación no PAT. Para o alumnado dos novos graos enviouse un correo electrónico ao profesorado que ía impartirles aulas para invitalos a participar no Plano de Acción Titorial. No caso dos mestrados o procedemento foi o mesmo: captación de profesorado titor a través de correo electrónico.

En total actuaron como profesorado titor 28 docentes, que participaron voluntariamente nesta experiencia, e un total de 219 estudantes. Para establecer a ratio profesor/alumno tivéronse en conta os datos de matrícula do alumnado de novo ingreso do ano académico 2008-2009, e para os mestrados tívose en conta o número máximo de prazas ofertadas. Na medida do posible tentouse cumprir o obxectivo de que a ratio non superase o número de 10

estudantes por titor, aínda que esta pretensión vai resultando cada vez máis difícil de manter, debido a que na Facultade de Filoloxía optouse por darlle preferencia ao profesorado de 1º, o que implica que sexan practicamente sempre os mesmos profesores os que acaban asumindo o papel de titores.

A diferenza de anos anteriores, nos que se mantiñan até tres reunións co profesorado titor ao longo do curso (ao comezo, despois do primeiro cuadrimestre e ao final), e grazas á experiencia coa que conta xa a Facultade de Filoloxía na aplicación do PAT, neste curso académico optouse por limitar estas reunións a unha, mediado o curso (o día 3 de febreiro de 2010) para pór en común a experiencia, detectar posibles disfuncións e propor as accións correctoras ou de mellora oportunas. Aproveitando a circunstancia de que a grande maioría do profesorado viña xa participando na experiencia en anos anteriores, puidemos diminuír o número de reunións lembrando as pautas xerais de actuación por correo electrónico ao comezo do curso e tomando o curso organizado polo CUFIE como vía de avaliación do PAT. Porén, en todo momento existiu una comunicación fluída (por teléfono, por correo electrónico...) entre o profesorado de tutela e as coordinadoras para tratar calquera cuestión relacionada co PAT.

As pautas de actuación que se lle enviaron ao profesorado titor foron distintas para o alumnado de novo ingreso e para aqueles estudantes que xa tiñan experiencia no PAT. No caso do alumnado de primeiro, ao longo do curso os titores mantiveron tres entrevistas cos estudantes asignados, tanto colectivas coma individuais. Ao comezo do curso, e logo de informar aos alumnos mediante carteis nas aulas coa asignación dos seus titores, mantívose unha primeira entrevista colectiva na que se lles deu a coñecer o PAT e se lles pasou un cuestionario inicial para coñecer a súa situación académica e persoal na medida en que esta última puidese interferir no desenvolvemento dos seus estudos. Unha vez que os estudantes enviaron aos seus titores esta enquisa, fixouse unha primeira entrevista individual incidindo naqueles aspectos en que cada cuestionario revelaba que era máis necesario. Finalizado o primeiro cuadrimestre marcouse unha segunda entrevista, centrada sobre todo no desenvolvemento do curso académico, e finalmente, no mes de xuño, mantívose a terceira entrevista cos estudantes titorizados. Para o alumnado de 2º e 3º das licenciaturas e tamén para o dos mestrados actuouse dun xeito máis flexible, de xeito que se mantivo unha entrevista inicial grupal e unha final tamén colectiva ou individual, en función das posibilidades de casar horarios entre profesorado e alumnado.

Alén das entrevistas individuais ou grupais mantidas entre titores e alumnos ao longo do curso, dende o centro organizáronse diversas actividades de orientación ligadas tamén ao Plan de Acción Titorial. Todas estas actividades foron realizadas fóra do horario lectivo, na franxa horaria (mércores de 12.30 a 14.30) que a facultade ten prevista sen actividade docente para poder desenvolver outros actos complementarios. As actividades foron as seguintes:

- Xornada de acollida para o alumnado de 1º curso dos novos títulos de grao, celebrada o día 17 de setembro de 2009 (coincidindo co inicio do periodo lectivo), que incluíu a presentación do PAT.

- Xornada de acollida para o alumnado do mestrado, celebrada o día 17 de setembro de 2009 (antes do inicio do periodo lectivo), onde tamén se presentou o PAT e se asignou a cada estudante un profesor de tutela.
- Xornada de acollida para o estudiantado de mobilidade que recibe a facultade (1 de outubro de 2009). O PAT non prevé a asignación de profesorado titor para este alumnado, que xa conta no centro co seu correspondente coordinador Erasmus.
- Cursos de formación nos servizos e recursos da biblioteca da facultade dirixida ao alumnado de novo ingreso (ofertado durante todo o curso).
- Reunión informativa sobre os programas de mobilidade Erasmus (20 de xaneiro de 2009).
- Charla informativa sobre prácticas profesionais para o estudiantado de Filoloxía (11 de marzo de 2009).
- Xornadas de orientación laboral, dirixidas a estudantes do último ano das licenciaturas (28 de abril e 6 de maio de 2010).
- Información ao alumnado de tutela, a través dos seus tutores, sobre o proceso institucional de avaliación docente e a importancia e as vantaxes individuais e colectivas de participar nel.

Canto ao proceso de avaliación do PAT, as coordinadoras da Facultade de Filoloxía tiñan previsto, coma en cursos anteriores, enviar aos tutores unhas fichas de avaliación e unhas enquisas de satisfacción ao estudiantado (adaptadas sobre as elaboradas polo CUFIE). Tanto unhas coma outras estaban pensadas para seren cubertas en setembro, é dicir, ao comezo do curso seguinte avaliaríase o PAT do curso anterior. Porén, dado que dende o CUFIE se organizou o curso de avaliación coa participación de tutores e coordinadores de cada centro, neste ano non se lles pedirán memorias individualizadas aos tutores, aínda que se manterá con eles unha reunión a comezos do curso que vén para fixar obxectivos novos sobre a análise da experiencia previa.

➤ Fortalezas:

- clima de colaboración entre os tutores
- cumprimento das accións deseñadas
- “desburocratización” da función dos tutores: evitar reunións enviando a información por correo electrónico, adaptación da documentación...

➤ Debilidades:

- falta de obxectivos concretos no deseño do PAT (que é o que pretendemos conseguir coa titorización do alumnado)
- fixación dun método e un calendario estable no que atinxe á avaliación do PAT
- complexidade da documentación (questionarios, fichas de seguimento, de avaliación...)
- escasa participación e implicación do estudiantado, que non sente a necesidade de ser titorizado
- existencia de alumnos “abandonados” polos seus tutores, isto é, tutores que non cumpren coa súa función

- necesidade de cambiar o modelo de captación de titores, pois o actual leva a que sexa só o profesorado que imparte clase en primeiro o único que asume o labor de titorización

3. RESULTADOS DO PAT

Dado que non partiamos da existencia duns obxectivos claros preestablecidos, resulta imposible dictaminar o nivel de logro dos mesmos.

No que atinxe ao nivel de satisfacción dos destinatarios e os executores, resulta difícil facer xeralizacións, pois varía moito en función dos titores. Porén, as impresións recabadas entre os titores asistentes ao curso de avaliación do PAT na UDC son en xeral positivas canto á experiencia en si, á marxe dos posibles problemas concretos que se poidan atopar na posta en funcionamento da mesma. Canto aos alumnos, como xa indicamos con anterioridade, aínda non se lles pasaron as enquisas de satisfacción, por entendermos que a avaliación do PAT debe facerse unha vez rematado o curso académico.

Canto á comunicación de resultados, ata o de agora non se ten feito. Un dos obxectivos de mellora para o curso próximo será a información por parte das coordinadoras dos resultados do proceso tanto á Comisión de Estratexia e Calidade coma á Xunta de Facultade.

- Fortalezas:
 - valoración xeral positiva por parte dos titores

- Debilidades:
 - idoneidade das enquisas e os cuestionarios de avaliación
 - idoneidade das datas de avaliación do PAT
 - falta de comunicación de resultados

**MEMORIA AVALIACIÓN DO PAT DA FACULTADE DE FILOLOXÍA
CURSO 2010-2011**

**DOCUMENTO PARA OS/AS COORDINADORES/AS DO CENTRO:
MEMORIA FINAL DO PAT NA TITULACIÓN**

Obxectivo: Avaliar a experiencia conxuntamente entre o/a coordinador/a e titores/as implicados na titulación

Titulación:	Filoxía Hispánica Filoxía Galega Filoxía Inglesa Grao en Español: estudos lingüísticos e literarios Grao en Galego e Portugués: estudos lingüísticos e literarios Grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións
Centro:	Facultade de Filoxía
Día da reunión	8 de xuño de 2011
Número de asistentes	19
Motivo: Avaliar o desenvolvemento do PAT no Centro durante o presente curso académico.	
TEMÁTICA DA REUNIÓN	
Impresións ou percepcións dos/as titores/as. Valoración global da experiencia. Comparativa cos anos anteriores.	
<p>A valoración global da experiencia por parte dos titores é positiva, sen grandes diferenzas con respecto a outros anos. Coma en ocasións anteriores, segue habendo moita disparidade entre os diferentes grupos de titorandos, incluso cun mesmo titor, de xeito que, mentres uns grupos asisten con regularidade ás titorías, amosan interese e valoran moi positivamente o feito de teren un titor ao longo dos seus estudos; outros grupos non acuden ás entrevistas nin responden aos correos electrónicos enviados polos titores. Malia todo, este último tipo de estudantes tampouco rexeitan de maneira explícita o feito de teren asignado un titor, simplemente non fan uso del, probablemente por non o consideraren necesario.</p>	
Análise do grao de consecución dos obxectivos propostos:	
<p>Os obxectivos propostos na elaboración do proxecto de PAT da Facultade de Filoxía eran os seguintes:</p>	
<ol style="list-style-type: none">1. Orientar e guiar ao estudantado na súa traxectoria académica<ol style="list-style-type: none">1.1. Informar sobre a estrutura organizativa da universidade, o centro, a titulación...1.2. Aconsellar sobre itinerarios formativos1.3. Colaborar na mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe	

- 1.4. Orientar na metodoloxía de estudo e técnicas de traballo
 - 1.5. Orientar sobre as posibilidades de mobilidade
 - 1.6. Orientar sobre os posibles proxectos profesionais ou investigadores
2. Identificar, a través do seguimento personalizado dos nosos estudantes, as nosas propias fortalezas e debilidades como docentes, titulación, centro e universidade e reflexionar sobre elas
 3. Fomentar a cultura titorial no ámbito universitario

Os titores consideran acadados os tres obxectivos propostos, mais establecen diferencias entre eles:

a) O primeiro dos obxectivos (orientar e guiar ao estudantado na súa traxectoria académica) conséguese sobre todo a través da titorización dos alumnos de grao e licenciatura, que identifican prioritariamente a figura do titor como un orientador ao longo da súa traxectoria académica.

b) O segundo obxectivo (identificar as nosas propias fortalezas e debilidades) vén dado fundamentalmente mediante a titorización dos estudantes dos mestrados, que requiren dos titores antes ben solucións ás disfuncións detectadas (no plano de estudos, na organización académica, nas metodoloxías docentes...) que orientación sobre o centro, a universidade ou os posibles itinerarios académicos. Ao tratarse de estudantes con experiencia universitaria, as necesidades que presentan responden antes ben ao segundo dos obxectivos propostos que ao primeiro, que normalmente xa teñen superado.

c) O terceiro obxectivo (fomentar a cultura titorial no ámbito universitario) é o que consideran de máis difícil consecución a curto prazo

Demandas do alumnado e resolución das mesmas:

As principais demandas do alumnado teñen que ver con dúas cuestións:

- a) a organización da docencia
- b) a incorrecta utilización dalgúns espazos do centro

Con respecto ao primeiro punto, as demandas máis frecuentes foron as seguintes: máis información sobre as materias optativas xerais e específicas e os horarios para o próximo curso, información sobre mobilidade ou cambios de titulación, melloras na planificación dalgunhas materias, máis coordinación entre os profesores que imparten unha mesma materia ou incumprimento do horario de titorías por parte dalgúns profesores. Os acordos que se tomaron na reunión para tratar de dar cumprimento a estas demandas foron fundamentalmente os seguintes: enviar por correo electrónico aos estudantes e publicar na web da facultade os horarios e as materias do próximo curso 2011-2012, establecer mecanismos para mellorar a coordinación docente, tales como a convocatoria de reunións periódicas co profesorado ou o establecemento dunhas directrices xerais canto a planificación e organización da docencia, elaboración das guías docentes, volume de traballo esixido ou criterios de avaliación.

Con respecto ao segundo punto, as demandas do estudantado centráronse nas queixas pola mala utilización que da nova sala de traballo facían algúns dos seus compañeiros, que a empregaban como espazo de lecer (escoitan música, xogan ás cartas...). Baralláronse varias posibles solucións a este respecto por parte dos titores e das coordinadoras: potenciar o autoregulamento entre os propios estudantes, insistir nas normas de uso da sala de traballo tanto na xornada de acollida como a través dos cartazes expostos na mesma sala ou detectar aos implicados e mediar con eles a través dos seus titores.

Proposta de mellora do PAT: (novas demandas do alumnado, cambios na organización do PAT do centro, obxectivos para o vindeiro ano, etc.)

En principio non se propuxeron cambios nin nos obxectivos nin na organización do PAT do centro para o próximo curso, xa que se considerou que seguían sendo operativos. Avisouse ao profesorado titor que a comezos do próximo curso recibirían por parte das coordinadoras unha solicitude para continuar exercendo o seu labor como tutores.

**REUNIÓN PAT FILOLOXÍA
AVALIACIÓN DO PAT 2011-2012**

Titulación:	Filoloxía Hispánica Filoloxía Galega Filoloxía Inglesa Grao en Español: estudos lingüísticos e literarios Grao en Galego e Portugués: estudos lingüísticos e literarios Grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade
Centro:	Facultade de Filoloxía
Día da reunión	14 de xuño de 2012
Número de asistentes	18 (desculpan seis persoas e dúas envían avaliación por escrito). Total profesorado incrito 36.
Motivo: Avaliar o desenvolvemento do PAT no Centro durante o presente curso académico.	
TEMÁTICA DA REUNIÓN	
<p>Impresións ou percepcións dos/as titoros/as. Valoración global da experiencia. Comparativa cos anos anteriores.</p> <p>A valoración global da experiencia por parte do profesorado titor é positiva, sen grandes diferenzas con respecto aos anos anteriores. O alumnado tamén transmitiu, en xeral, a súa satisfacción co desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe no centro.</p> <p>Cuanto á participación do alumnado, continúa a haber moita disparidade entre os diferentes grupos de titorandos, incluso entre os titorizados pola mesma persoa, de xeito que, mentres uns grupos asisten con regularidade ás titorías, mostran interese e valorizan moi positivamente o feito de teren un/ha titor/a ao longo dos seus estudos; outros grupos non acuden ás entrevistas nin responden os correos electrónicos enviados polos titores. Con todo, este último tipo de estudantes tampouco rexeitan de maneira explícita o feito de teren asignado un/ha titor/a, simplemente non fan uso do PAT, probabelmente por non o consideraren necesario.</p> <p>Neste ano a maior participación concéntrase no alumnado de novo ingreso e no de último ano das licenciaturas, diminuíndo nos titorandos de segundo e terceiro dos graos e sendo relativamente alta nos dos mestrados (nomeadamente no de Literatura, Cultura e Diversidade [MLCD]). Esta distribución da participación foi explicada en virtude da necesidade de información sobre o funcionamento da Facultade/ Universidade no alumnado de novo ingreso e na procura de orientación sobre eventuais saídas laborais ou académicas unha vez concluída a licenciatura.</p>	
Análise do grao de consecución dos obxectivos propostos:	
Os obxectivos propostos na elaboración do proxecto de PAT da Facultade de Filoxía	

eran os seguintes:

1. Orientar e guiar ao estudiantado na súa traxectoria académica

- 1.1. Informar sobre a estrutura organizativa da universidade, o centro, a titulación...
- 1.2. Aconsellar sobre itinerarios formativos
- 1.3. Colaborar na mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe
- 1.4. Orientar na metodoloxía de estudo e técnicas de traballo
- 1.5. Orientar sobre as posibilidades de mobilidade
- 1.6. Orientar sobre os posíbeis proxectos profesionais ou investigadores

2. Identificar, através do acompañamento personalizado dos nosos estudantes, as nosas propias fortalezas e debilidades como docentes, titulación, centro e universidade e reflexionar sobre elas

3. Fomentar a cultura titorial no ámbito universitario

Os titores consideran acadados os tres obxectivos propostos, mais establecen diferenzas entre eles:

a) O primeiro dos obxectivos (orientar e guiar ao estudiantado na súa traxectoria académica) conséguese sobre todo através da titorización dos alumnos de grao e licenciatura, que identifican prioritariamente a figura do titor como un orientador ao longo da súa traxectoria académica. Igualmente, valorízase que as actividades realizadas no nivel da Facultade (Semana de acollida, Xornadas de orientación laboral, Xornada sobre Mobilidade Erasmus ou Xornada sobre prácticas profesionais) contribúen para a consecución deste obxectivo.

b) Canto ao segundo obxectivo (identificar fortalezas e debilidades do profesorado titor), foron detectados desaxustes no acompañamento dos guías docentes por algún membro do PDI da Facultade, nomeadamente en relación ao proceso de avaliación e á adaptación dos conteúdos.

c) O terceiro obxectivo (fomentar a cultura titorial no ámbito universitario) é o que o profesorado titor considera de máis difícil consecución a curto prazo.

Demandas do alumnado e resolución das mesmas:

As principais demandas do alumnado están relacionadas con dúas cuestións:

- 1) Organización da docencia
- 2) Acceso á información

A respecto do primeiro punto, o alumnado titorizado dos graos demanda unha maior adaptación dos guías ao labor docente. Combínase en lembrar ao profesorado o carácter normativo dos guías docentes e en que o profesorado titor comunicará coas persoas responsábeis do Departamento correspondente as eventuais incidencias neste sentido para a súa oportuna resolución. Puntualmente, anótase tamén algunha demanda en relación á acumulación de materia no segundo cuatrimestre nas licenciaturas e no módulo específico do MLCD.

Cuanto ao segundo punto, o alumnado de terceiro do grao demanda maior información en relación ao traballo fin de grao (previsto para o cuarto ano da súa formación) e o alumnado do programa Erasmus da UDC ten interese en dispor de maior información sobre os países e as universidades de acollida. Acórdase reforzar a información neste sentido.

O alumnado do MLCD solicita maior información sobre as liñas propostas para o

Traballo Fin de Mestrado (TFM) e sobre os programas de doutoramento da Facultade, e suxere a organización de actividades paralelas e complementares aos seminarios do mestrado (como conferencias, por exemplo). Estudárase esta última cuestión e reforzase a información na liña das demandas dos estudantes.

Proposta de mellora do PAT: (novas demandas do alumnado, cambios na organización do PAT do centro, obxectivos para o vindeiro ano, etc.)

As propostas de mellora colocadas polo profesorado titor presente foron as seguintes:

- Procurar unha maior homoxeneidade nos grupos atribuídos a cada titor/a.
- Continuar coas actividades organizadas pola Facultade dirixidas á acollida de estudantes e a fornecer información sobre prácticas externas, mobilidade e orientación laboral e académica.
- Reforzar a información específica enviada ao alumnado ao longo do ano académico sobre os asuntos referidos no punto anterior.
- Organizar no inicio do ano próximo unha reunión co conxunto do alumnado de cuarto curso dos graos para informar sobre os traballos fin de grao.
- Informar por carta ao alumnado de cuarto ano dos mestrados leccionados na Facultade.

Nas avaliacións enviadas por correo electrónico ao coordinador do PAT figuran, como propostas de mellora para o MLCD:

- Marcar un encontro entre alumnado e profesorado no inicio do curso académico para a exposición das varias liñas posibles para os TFM.
- Achegar información ao alumnado sobre os programas de doutoramento activos na Facultade.

Non contemplamos mudanzas nos obxectivos nin na organización do PAT do centro para o próximo curso, xa que son considerados operativos. Tanto o profesorado titor asistente como o que enviou a súa avaliación por escrito mostrou a súa disposición para continuar facendo os labores propios do PAT no próximo curso. No inicio do curso 2012-2013 o coodenador contactará co conxunto do profesorado titor para solicitar confirmación da súa continuidade e dirixirse á totalidade dos docentes da Facultade para os animar a se somaren ao PAT.

MEMORIA FINAL DO PAT DA FACULTADE DE FILOLOXÍA 2013-2014

Obxectivo: Avaliar a experiencia conxuntamente entre o/a coordinador/a e titores/as implicados na titulación

Titulacións:	Grao en Español: estudos lingüísticos e literarios Grao en Galego e Portugués: estudos lingüísticos e literarios Grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais Mestrado Interuniversitario en Lingüística e as súas Aplicacións Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
Centro:	Facultade de Filoloxía
Día da reunión	5 de setembro de 2014
Número de asistentes	26 (desculpan 8 persoas e 3 envían avaliación por escrito). Total profesorado inscrito: 43.
Motivo: Avaliar o desenvolvemento do PAT no Centro durante o presente curso académico	
<p>DESENVOLVEMENTO DA REUNIÓN E REFLEXIÓNS DO PROFESORADO TITOR</p> <p>A valoración global da experiencia por parte do profesorado titor nos graos é positiva, sen grandes diferenzas a respecto dos anos anteriores.</p> <p>No que atinxe á participación dos/das estudantes, continúa a ser moi diferente a do alumnado de primeiro da dos/as estudantes dos outros cursos. No primeiro caso, os titores e titoras relatan que a asistencia ás entrevistas é maioritaria, aínda que o número decrece na segunda e na terceira entrevistas. Porén, o alumnado dos seguintes cursos participa menos e, no xeral, so recorre ao/á titor/a unicamente se ten algún problema ou quere formular unha queixa.</p> <p>Para alén disto, unha titora informa dun caso particular que se deu este ano: un alumno de primeiro negouse a encher o cuestionario inicial argumentando que se trataba de moita información persoal e que o anonimato non estaba garantido, posto que a partir do código da titulación, da titora e del propio, unida á información sobre o sexo do estudante, era facilmente identificable a autoría do cuestionario.</p> <p>Noutra orde de cousas, unha titora comenta que entre o seu alumnado se ten producido unha situación até agora descoñecida: estudantes que teñen que abandonar os estudos por problemas económicos.</p> <p>Relativamente aos mestrados, o profesorado titor relata que a maior parte do</p>	

alumnado non fai uso do PAT por consideralo máis propio dos/das estudantes novos. A súa experiencia universitaria (na UDC ou noutra universidade) fai con que consideren descenesaria a titorización.

Canto á análise do grao de consecución dos obxectivos propostos no PAT da Facultade de Filoloxía para o ano 2013-2014, os titores consideran que foron alcanzados parcialmente os dous primeiros obxectivos (respectivamente, orientar e guiar ao estudantado na súa traxectoria académica e identificar, através do acompañamento personalizado dos nosos estudantes, as nosas propias fortalezas e debilidades como docentes, titulación, centro e universidade e reflexionar sobre elas), mais que hai que continuar a traballar na consecución do terceiro, pois a cultura titorial aínda non está totalmente instalada no noso ámbito.

Como en anos anteriores, as principais demandas do alumnado continúan a estar relacionadas coa organización da docencia e co acceso á información (bolsas, prácticas externas etc.)

Para finalizar, achegouse unha proposta de mellora do PAT da Facultade de Filoloxía: unha maior atención e preparación do profesorado titor en todo o relacionado coa atención á diversidade, especialmente No relativo ao alumnado con problemas de anorexia ou con discapacidade.